

# NOVAS PENZOL

NOVIDADES DA FUNDACIÓN PENZOL

[https://hoxe.vigo.org/movemonos/m\\_penzol.php?lang=gal#](https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#)

# 60

PEZAS *para*  
*sesenta* ANOS

FUNDACIÓN  
1963 · PENZOL · 2023



## INAUGURACIÓN DA MOSTRA

O 21 de febreiro de 2023 inaugurouse, na sala de exposicións da Casa Galega da Cultura, de Vigo, a exposición “60 pezas para sesenta anos”, que, co apoio do Concello de Vigo, celebra seis décadas de existencia e continua actividade da nosa Fundación.

A mostra, comisariada por Francisco Domínguez, que dirixiu a Fundación durante case doce anos, contou coa colaboración de Malós Cabrera e Xosé M. Soutullo, así como coa directora técnica da Casa Galega da Cultura, Marián Vidal, e do seu persoal.

No acto de inauguración interviron Xosé Manuel Soutullo (director da Fundación Penzol, que tivo que tivo que substituír a Francisco Domínguez, comisario da mostra e padroeiro da Fundación Penzol, que non puido asistir por un imprevisto), Víctor F. Freixanes (presidente da Real Academia Galega), Antón Vidal Andión (vicepresidente primeiro da Fundación Penzol) e Abel Caballero (alcalde de Vigo).



Padroeiras e padroeiros asistentes ao acto

---

### FUNDACIÓN PENZOL

Casa Galega da Cultura  
Praza da Princesa, 2  
36202 · VIGO

Teléf.: 986 227 459

CORREO-E:  
fundacion.penzol@vigo.org

HORARIO PÚBLICO:  
luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

---



Na presentación houbo numerosa asistencia de público



Intervención de Antón Vidal, vicepresidente primeiro da Fundación Penzol



Intervención de Xosé Manuel Soutullo, director da Fundación Penzol

## A FUNDACIÓN PENZOL

No ano 1956, o bibliófilo e galeguista Fermín Fernández Penzol-Labandera fai entrega á Editorial Galaxia de 7.751 libros, 6.012 folletos e unha importante cantidade de documentos, revistas e manuscritos referentes a Galicia.

Con este patrimonio, Galaxia e Fermín Penzol deciden crear a Fundación Penzol “co degoiro de que estes fondos poidan servir de axuda coa meirande eficacia a cantos queiran consagrarse ao estudo e á investigación da historia e problemas da realidade cultural e social galega”. Constituída ante notario o 7 de abril de 1963, inaugúrase o 5 de maio do mesmo ano cunha conferencia do filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa, á que asistiron un destacado grupo de mozos e mozas galeguistas.

Estableceuse no primeiro andar do número 24 de rúa Policarpo Sanz de Vigo, e alí estivo ata 1985, cando se traslada á Casa Galega da Cultura mediante un convenio co Concello de Vigo, en que este se compromete a proporcionar espazo para as instalacións, persoal técnico e infraestrutura de xestión.

A Fundación Penzol posúe un arquivo-biblioteca dos máis importantes que existen sobre temática galega. Os seus fondos fóronse incrementado desde aquela achega inicial con novas adquisicións do fundador, en vida, e con doazóns de libros e documentos das editoriais galegas, universidades, institucións públicas, asociacións culturais e particulares.

Os depósitos actuais contan con 47.000 libros impresos, 3.800 publicacións periódicas, 106 títulos de manuscritos dos séculos XVII ao XIX, 287 pergamiños dos séculos XII a XVI, unha colección de cartografía histórica de Galicia desde o século XVII e un arquivo de documentos de 150 metros lineais.

Destacan, entre outros, os fondos de Ramón Otero Pedrayo, Castella, Ramón Piñeiro, Xosé María Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, María do Carme Kruckenberg, Xosé Luís Franco Grande, Ramón Martínez López, Alfonso Zulueta, Avelino Pousa...

## A EXPOSICIÓN

Na exposición móstranse sesenta pezas, unha por cada ano de existencia da Fundación, seleccionadas dos seus valiosos fondos das seccións de obxectos, carteis, cartografía de Galicia, libros manuscritos, fondos arquivísticos, libros impresos e revistas e publicacións periódicas. Para conseguir unha mostra significativa do que se custodia nas nosas instalacións empregáronse na escolma os seguintes criterios:

- Documentos e libros máis antigos e, dentro destes, aqueles en que destaca a presenza da lingua galega.
- Obxectos, fondos arquivísticos e libros que mostran a memoria de Galicia por medio da obra de destacados literatos, políticos, lingüistas e historiadores.
- Documentos cartográficos de Galicia, uns dos sinais de identidade do noso país.
- Periódicos e revistas en galego e outras linguas que teñan relación coa memoria de Galicia en todos os ámbitos.
- Por último, procurouse a presenza dalgunha peza dos diferentes fondos arquivísticos pertencentes a destacadas figuras da nosa cultura.

Ademais da exhibición das sesenta pezas, a exposición complétase cun panel con notas históricas e outro que informa dalgunhas das súas actividades: publicacións e exposicións. Tamén se expoñen retratos de figuras destacadas na historia da Penzol.

## RETRATOS

- Fermín Fernández Penzol-Labandera, bibliófilo e galeguista, fundador e primeiro presidente (1963-1981) da Fundación Penzol.
- Blanca Jiménez Alonso, esposa de Fermín Penzol, foi presidenta da Fundación desde o falecemento del, en 1981, ata 2011.
- Francisco Fernández del Riego foi o primeiro director da Biblioteca Penzol. Permaneceu no cargo desde a súa fundación, en 1963, ata 2010, poucos meses antes do seu falecemento en novembro dese mesmo ano.
- Alfonso Zulueta de Haz foi vicepresidente do Padroado da Fundación Penzol no período 1979-2011 e presidente entre 2012 e 2017.
- Ramón Piñeiro López, grande amigo de Fermín Penzol, influíu moi positivamente nel para a creación da Fundación Penzol. O retrato realizouno en prisión Ricardo Bastid, cando ambos os dous cumprían condena por actividades políticas antifranquistas. 1947.
- Xaime Isla Couto concibiu a fórmula xurídica de fundación para o legado de Fermín Penzol. Desempeñou o posto de secretario do Padroado da Fundación Penzol.



## OBXECTOS

— Dous pratos conmemorativos da inauguración das instalacións da Fundación Penzol en Policarpo Sanz, 24, Vigo. Gravados coa inscrición: “A don Fermín Penzol, bo é xeneroso, a moxedá galega. V-maio-MCMLXIII”.

— Morteiro do boticario Xosé María Chao. Peza da historia dos liberais galegos. Fabricado en 1741. Dise que nel se puido preparar o explosivo da carta bomba que se enviou ao represor xeneral absolutista Eguía, capitán xeneral de Galicia (1824-1832), en que perdeu unha man e dous dedos da outra.

— Carauta de Pimpinela. Diseñada e elaborada por Castelao para a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* no Teatro Mayo de Buenos Aires, en setembro de 1941. Sin.: CF.



— Serie de trinta e catro medallas de prata das figuras homenaxeadas no Día das Letras Galegas, desde 1963 ata 1996 (Premio Nacional da Casa da Moeda e Timbre). Realizadas polo escultor Manuel Ferreiro Badía sobre debuxos de Siro López Lorenzo. Sin.: CF.

— Busto de Fermín Penzol, de Antón Rivas Briones, en madeira de teca. [ca. 1965-1970]. Antón Rivas Briones (Madrid, 1918 - Vilagarcía de Arousa, 2004). Debuxante, pintor, tallista e xilógrafo; premiado en varias ocasións na Bienal de Arte de Pontevedra (1970, prata en gravado; 1973 e 1974, bronce en pintura; 1975, prata en pintura; 1978, ouro en pintura).

## CARTEIS

— Cartel do primeiro Día das Letras Galegas (Galaxia, 1963), de Xohán Ledo, médico e pintor que deseñou moitas das cubertas dos libros de Editorial Galaxia. Impreso por Serigrafía Gallega, no ano que coincide coa constitución e inauguración da Fundación Penzol.



— Campaña do Estatuto de Autonomía de 1936. “Para que a nosa terra sexa nosa. Vota o Estatuto”, de Castelao (Vigo: Offset Roel). Campaña do Estatuto de Autonomía de 1936. Sin.: 324-1.1. (1936).

“O Estatuto libertará a nosa terra”, de Luís Seoane (A Coruña: Litografía e Imprenta Roel). Sin.: PLAN-8/1.

Castelao e Seoane participaron activamente, como membros do Partido Galeguista, na campaña do Estatuto de Autonomía, plebiscitado o 28 de xuño de 1936. Os carteis convertéronse en obras célebres, moitas veces reproducidas.

— Proxecto de edificio para o Seminario de Estudos Galegos [marzo 1947]. Manuel Gómez Román realizou na posguerra unha serie de debuxos de edificios, a maioría dos cales nunca chegaron a construírse. Este é un deles, que o arquitecto galeguista proxectou para o Seminario de Estudos Galegos, incautado e espoliado polo franquismo. Para o insigne galeguista, a arquitectura de papel foi a expresión dos desexos imposibles logo da derrota. Sin.: PLAN 9/7.





## MONOGRAFÍAS



— *Historiarum adversus paganos libri septem*. 1500. Venetiis: expensis Bernardini Veneti de Vitalibus. Este libro do historiador Paulo Orosio é o máis antigo da biblioteca da Fundación Penzol. Sin.: CF-C-8/19.

— *Investigaciones sobre la fundación y fábrica de la torre llamada de Hércules...*, de Joseph Cornide. 1792. Madrid: Oficina de don Benito Cano. As obras de Cornide, redactadas con medida e amplos coñecementos de historia erudita, convérteno no historiador máis serio de Galicia no século XVIII. Neste extraordinario traballo defende a orixe romana da Torre de Hércules, como os estudos modernos confirmaron. Sin.: 1/3.

— *Os rogos dun gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abrírlles os ollos sobre certas inorancias, e o demais que verá o curioso lector* [Manuel Pardo de Andrade], 1813. A Coruña: Casa Tipográfica del Diario. Aínda que se publicou anónimo, está comprobada a autoría de Manuel Pardo de Andrade. A obra, produto da polémica que se creou con motivo da supresión da Inquisición polas Cortes de Cádiz en 1813, ten un enfoque ideolóxico e propagandístico, de difusión das ideas liberais, sen intención literaria. Romance de 154 cuartetas de pouca valía literaria. É unha das primeiras obras do Rexurdimento. Sin.: C-8/19.

— *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. 1863. Vigo: Imprenta de Juan Compañel. Obra fundacional do Rexurdimento, foi un dos primeiros libros desta etapa escrito integramente en galego grazas ao afán de Manuel Murguía, quen albiscou nel unha canle especialmente axeitada para espallar o sentimento galeguista. No prólogo, a autora presenta as claves do libro: a conciencia de estar a escribir desde as marxes, froito da súa condición de muller e escritora, de escribir desde unha provincia “homillada” da que España “nunca s’acorda, como non sea pra homillala inda máis”. Sin.: 6/152.

— *Aires da miña terra*, de Manuel Curros Enríquez; prólogo de José Ogea. [1880]. Ourense: Imprenta de Antonio Otero. Con esta obra, Curros (Celanova, 1851 - A Habana, 1908) será censurado publicamente polas autoridades eclesiásticas e, sucesivamente, procesado, condenado e absolto polas civís. O libro debe valorarse como o primeiro en galego claramente aliado coa causa dos oprimidos desde



unha posición galeguista, progresista e republicana. José Ogea Otero (Cortegada, 1845-1909) foi un político e escritor, membro numerario da Real Academia Galega desde a súa fundación. Sin.: 6/161.

— *Galicia*, de Manuel Murguía; fotogravados de Thomás; debuxos de Passos e Delgado; cromos de Xumetra. 1888. Barcelona: Daniel Cortezo y C<sup>a</sup>. Libro ilustrado de historia e xeografía, que trata dos tempos prehistóricos e os monumentos megalíticos, da Coruña (historia, monumentos e fillos notables), un amplo capítulo dedicado a Santiago de Compostela (historia, política, monumentos e fillos notables) e outros, máis breves, dedicados a Padrón, Baiona, Ourense e Lugo. Sin.: 2/57.

— *Las siete canciones de amor: poema musical del siglo XII, de Martín Codax*; notas de Pedro Vindel. 1915. Madrid: Sucesora de M. Minuesa. Contén a edición facsímile do pergamiño coas cantigas musicadas de Martín Codax, fotogravados e notas descritivas de Pedro Vindel, quen o encontrou servindo de forro ao códice do século XIV *De officiis*, de Cicerón. A edición pretende dalo a coñecer para a súa venda. Actualmente, o pergamiño pertence á Morgan Library de Nova York. Sin.: 152/167 e 15/22.

— *Terra de Melide* [Ramón Otero Pedrayo... et al.]. 1933. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos. Un elaborado traballo sobre a comarca nos seus diferentes aspectos: Xeografía por Ramón Otero Pedrayo; Prehistoria por Florentino L. Cuevillas; Arqueoloxía relixiosa por Xesús Carro e X. Ramón Fernández-Oxea; Historia por A. Taboada Roca; Etnografía por Vicente Risco, e Folclore por Risco e Amador Rodríguez Martínez. A obra cumpre cun dos fins do Seminario: o estudo pormenorizado das comarcas galegas. Sin.: 24/61.

— Castelao no exilio. Dúas obras senlleiras:

*Sempre en Galiza*, 1944. Buenos Aires: As Burgas, Centro Orensano de Buenos Aires. Compendio do pensamento político de Castelao, tamén coñecido como a *Biblia* do galeguismo. Sin.: 21/44.

*As cruces de pedra na Galiza*, 1949. Buenos Aires: Nós. O pensamento estético de Castelao presentado en debuxos, reproducións fidedignas de cruces e cruceiros de toda Galicia. Este libro, o 31, pertence á edición numerada e asinada por Castelao. Sin.: 48/6.



— *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*. Peza dramática en tres xornadas, de Álvaro Cunqueiro; ilustracións de Xohán Ledo. 1958. Vigo: Editorial Galaxia. Sin.: 39/224.

Folla de espiño recolleita por Cunqueiro o 12 de xuño de 1970 no castelo de Elsinor, cunha nota manuscrita onde o doutor Joan Obiols e Néstor Luján, grandes amigos de Cunqueiro, certifican que así foi.

Folleto conmemorativo do cincuentenario da visita do escritor ao castelo de Hamlet en Elsinor (Dinamarca) (12-VI-1970). 12-VI-2020. Textos de Armando Requeixo. Mondoñedo: Casa-Museo Álvaro Cunqueiro. Sin.: CA-0527/017/007.

— *General estoria*. Versión gallega del siglo XIV, [Afonso X]. 1963. Edición de Ramón Martínez López. Oviedo: Facultad de Filosofía y Letras, 1963. Ramón Martínez López (Boiro, 4-IV-1907/Pontevedra, 12-IX-1989), foi un filólogo e político galego. Exiliado nos Estados Unidos, en 1940 accede ao departamento de Linguas Románicas da Universidade de Austin (Texas), onde exerceu docencia ata a súa xubilación en 1971. Un dos seus principais temas de investigación foi a literatura medieval en galego, e a el débense as edicións críticas modernas das *Cantigas de Santa María* e da *General estoria*, ambas as dúas de Afonso X. Doou a súa biblioteca e documentos á Fundación Penzol. Sin.: 17/28.

— *Os anos escuros. I. A resistencia cultural da xeración da noite (1954-60)*, de X. L. Franco Grande; prólogo de X. L. Méndez Ferrín. 1985. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. “Este libro quere dar unha visión da resistencia cultural galega nos anos cincuenta [...] da xeración que despois de 1950 chega á Universidade de Santiago e que a deixa arredor de 1960”. Ramón Piñeiro, o seu grande animador, é o autor da carta dirixida ao autor, reproducida nunha das páxinas da obra. Sin.: 44/26.

— *A Biblia*. 1989. Vigo: SEPT. Exemplar único da edición especial similar á entregada ao papa Xoán Paulo II con motivo da súa visita a Galicia en 1989. Corresponde á primeira edición da tradución para o galego feita por especialistas desde as linguas orixinais: hebreo, arameo e grego. Sin.: 35/76b.

## FONDOS ARQUIVÍSTICOS


— Doazón do rei Afonso VII ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro [privilexio real]. 6-V-1135. Documento máis antigo dos fondos da Fundación Penzol. Escrito en latín en letra carolina. Privilexio ao mosteiro da orde de Santo Agostiño, sendo prior don Pedro, polo que amplían os lindes do seu couto, exime os seus moradores de responder de fonsadera, facendera, caloña ou foro rexio (trabucos), prohíbe a outros señores ter vasalos dentro do mesmo, concédelle a supresión do portádego real e establece o pago da metade das súas posesións aos habitantes que o queiran abandonar. Sin.: PLA-04/001.



— Os dous documentos en galego máis antigos da Fundación Penzol. Pergamiños.

O mosteiro de Ramiráns afora a Martiño Perez e Pedro Maiz, polo tempo das súas vidas, unha herdade que o mosteiro ten no lugar de Xeitadoiro, por unha renda anual do quinto de todo o froito que produza. 28-XII-1274. Sin.: PLA-04/044.

1. [Monterroso (Lugo)]. Maior López, muller de Domingo Pelaez, vende a Martin Fernandez de Picon, clérigo, e a Maria Nuñez unha parte do casal de Pición, chamado das Quintas, por cincocentos soldos. Ante Xoan Rodriguez, notario en Monterroso. 1-V-1276. 2. [Monterroso (Lugo)]. Gonzalo Núñez, morador en Montelongo, vende a Maria Nuñez, a súa irmá, e a Martiño Fernandez de Picon, una metade, e a Lopo Nuñez, tamén irmán seu, a outra metade dos bens que ten en Salceda, freguesías de Santa María de Marzaes e San Cristovo do Souto, e na de Santiago da Moega, por cen soldos. Ante Xoan Rodriguez, notario en Monterroso. 9-XI-1275. Sin.: PLA-04/04585.



— Álvaro Viloso apártase do servizo de Pedro Álvarez de Soutomaior e convértese ao de Alonso de Fonseca, arcebispo de Santiago, mediante preito homenaxe polas Torres de Pontevedra. Data do orixinal: marzo de 1474, Pontevedra. Data do traslado: abril de 1475, Santiago de Compostela. Lingua do documento: galego e

castelán. O documento pertence ao fondo Antonio López Ferreiro; ten especial interese por estar redactado en parte en galego nesa altura do século XV. Sin.: CA- 0035/008/003/00.

— Cédula Real para que o marqués de Cerralbo, capitán xeneral e gobernador de Galicia, provea e ordene nas cousas de guerra. 26-V-1587. Aranjuez. Un dos documentos que Fermín Penzol usou na entrega simbólica dos seus fondos a Editorial Galaxia en 1956, representada polo seu presidente, Ramón Otero Pedrayo, co obxecto de que se artellase unha fórmula para poñelos a disposición da investigación en Galicia. Foi a semente da que nacería a Fundación Penzol o 7 de abril de 1963. Sin.: CA-003/001/001 8535.

— Apuntamentos manuscritos de Rosalía de Castro con glosas do cancionero popular galego, s. d.

*Estreliña do luceiro/ quen ten amores no dorme/ sinon ó sono primeiro  
Queridiña dame un ay/ damo caladiñamente/ si no saber túa nai  
Janiño San de Varela/ para que querela cama/ si non vas durmir a ela*

Sin.: CA-205/93.

— Forno de alquimia atribuído a Antonio Arias Teixeira. Da obra *Miracula Chemica*. 1644. París. [Fondo documental Familia Arias Teixeira]. Sin.: CA-0117/018

*Antonio y Anselmo Arias Teixeira: dos lulistas gallegos en el siglo de la Ilustración*, de Miguel Álvarez Soaje. 2012. Universidade de Santiago. Sin.: 153/78.

Forno de alquimista reproducido nesta tese de doutoramento sobre os dous irmáns, frades franciscanos (Antonio deixou os hábitos para administrar os bens da familia), que formaron parte da familia Arias Teixeira (século XVIII), asentada en Cabanelas (O Carballiño) e integrante da fidalguía do Ribeiro. Manifestos seguidores de Raimundo Lull, asociado á teoría da alquimia e á filosofía natural. A familia emparentou cos Correa, herdeiros do Pazo das Pías da Ramallosa (Nigrán). Antón Losada Diéguez, figura senlleira do galeguismo, estaba emparentado con esta familia.


— Álbum de autocaricaturas, de Alfonso Daniel R. Castelao. Tinta sobre papel. Santiago de Compostela, ca. 1903-1907. O caderniño componse dunha carpeta con debuxo de portada e seis láminas. Sin.: CF-2/90.



— *Cantija que resa un conto pasado cun señor Faraute mandón na vila de Bayona de J Galicia*. 1791. Texto orixinal e transcripción manuscrita de Xosé María Álvarez Blázquez. Un dos escasos textos en galego do século XVIII, pertencente ao fondo de Xosé María Álvarez Blázquez, existente na Fundación Penzol. Está recolleito en *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna* (<http://ilg.usc.gal/gondomar/>). Sin.: CA- 0489/003.

— Carta da Irmandade da Fala da Coruña a Xohán Vicente Viqueira, nomeándoo membro do consello de redacción de *A Nosa Terra*. 3-I-1922. Xoán Vicente Viqueira Cortón (Madrid, 22-X-1886 / Bergondo, 29-VIII-1924) estudou na Institución Libre de Enseñanza, licenciouse en Filosofía na Universidade de Madrid e ampliou estudos en Alemaña. Catedrático de Psicoloxía do Instituto de Santiago de Compostela, foi unha figura sobranceira das Irmandades da Fala. En 1973, a súa viúva, Jacinta Landa, exiliada en México, decide a entrega dos seus documentos á Fundación Penzol. En 1974 dedicóuselle o Día das Letras Galegas. Sin.: CA-0167/004/015.

— *Arredor de si*. Manuscrito autógrafo de Ramón Otero Pedrayo. Incompleto. Inclúe notas, debuxos e algunhas contas. 2-I-1929. Fondo Ramón Otero Pedrayo. Primeira edición, Nós, 1930; segunda, Editorial Galaxia, 1970. Sin.: CA-0708/005; 20/132; 39/83.



Adrián Solovio, mozo que vive de costas á realidade do país, procura a súa propia identidade nunha longa viaxe, que inicia en Madrid. Percorre varias cidades castelás ata que recibe a nova da mala saúde do seu tío Bernaldo e volve a Galicia. Despois da morte do tío, viaxa por Europa, onde cae na conta de que Galiza tamén ten identidade propia, e volve á súa terra co compromiso de loitar por ela e conseguir que ocupe o lugar que merece.

— Carné do Comité Orensano Leal [á II República] de Buenos Aires a nome de Rodolfo Prada. 1938. Rodolfo Prada Chamochín (A Peroxa, 1892 - Buenos Aires, 1980) é unha das figuras máis relevantes do galeguismo en Buenos Aires. O Comité Orensano Leal prestou axuda durante a Guerra Civil e para a saída de Francia dos refuxiados despois



da vitoria franquista. Prada acolleu e apoiou a Castela cando se exiliou na capital arxentina, e foi testamenteiro e herdeiro da súa viúva, Virxinia Pereira Renda. CA-533/6/14.

— Relación manuscrita de obras adquiridas por Fermín Penzol, ca. 1940. Contén 863 rexistros de libros e documentos ordenados alfabeticamente, con indicación de título, lugar e data de edición. Neste inventario, feito polo bibliófilo Fermín Penzol, está a orixe dos fondos cos que foi dotada a Fundación Penzol cando se creou en 1963. Sin.: CA-0164/005/010.

— Memorias da Guerra Civil, de Manuel Portela Valladares [503 folios mecanogarafados e 5 follas de notas manuscritas] Portela Valladares (Pontevedra, 1867 - Bandol, 1952). Avogado, empresario e deputado a Cortes. Inicia a súa carreira política no Partido Liberal de Eugenio Montero Ríos. En 1924 funda *El Pueblo Gallego*, xornal aberto á preocupación por Galicia. Durante a II República ocupa os cargos de gobernador xeral de Cataluña, ministro da Gobernación e xefe de Goberno nos últimos días da presidencia de Alcalá Zamora. Exiliado en Francia, os seus bens foron confiscados polo goberno franquista. As memorias permaneceron inéditas ata a publicación da edición preparada por José Antonio Durán para Alianza Editorial (1988). Sin.: CA-37/1.

— Orixinal completo da obra teatral *O Mariscal*. 1920. Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas. Dous tomos, un deles manuscrito e o segundo mecanografado con data anotada de 23 de abril de 1920. Referida á vida do mariscal Pardo de Ceta. Publicación en *Nós* no suplemento número 8, en 1929. Sin.: CA-0536/005/001 e C-486/21.

— *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, de Eladio Rodríguez González. 1958-1961. Vigo: Editorial Galaxia. Notas manuscritas correspondentes á letra N. Nos fondos da Fundación Penzol consérvanse os manuscritos de todo o abecedario. Publicado grazas á iniciativa e patrocinio da Casa de Galicia de Caracas —por acordo da súa Xunta Directiva de 28 de outubro de 1956—, publicouno Editorial Galaxia, en tres tomos, nos anos 1958, 1960 e 1961. Sin.: 15/67 (2 volumes) e CA-198.



— Debuxo-maqueta de distribución das primeiras instalación da Fundación Penzol no local de Policarpo Sanz, 24-1º, realizado por Xaime Isla Couto en 1963. Xaime Isla foi, con Francisco Fernández del Riego e Ramón Piñeiro, un dos ideadores e motores principais de Editorial Galaxia. Tivo un papel importante na adopción da fórmula de fundación para a Penzol. Tamén exerceu de secretario do seu Padroado. Sin.: PEN-2.

— “Nova orientación do galeguismo”, de Ramón Piñeiro López [1965?]. Neste documento, Piñeiro presenta as novas estratexias para a acción do galeguismo que defendía o grupo nucleado ao redor de Galaxia. Dende o punto de vista histórico, trátase de aceptar a irreversibilidade da Guerra Civil, que deixaba asentado un réxime persoal, que daquela xa se presumía que duraría tanto como o ditador. A acción política deixa paso á “resistencia cultural”. Sin.: CA-315/6(5).

— *A sombra ergueita*, de María del Carmen Kruckenberg Sanxurxo. 1976. Vigo: edición da autora. Manuscrito do orixinal e debuxo para a cuberta de Laxeiro, amigo da poeta. María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926-2015), recoñecida escritora, muller adiantada ao seu tempo, cosmopolita, de gran cultura e claro compromiso feminista, como se amosa na súa abondosa obra poética. Dende 2015 consérvase na Fundación Penzol o seu material de arquivo por iniciativa e desexo da propia autora. Sin.: LIB-GAL 28/60 # CA-0393/005.

— Textos e notas para *O río do tempo. Unha historia vivida*, de Francisco Fernández del Riego. 1990. Sada: Edicións do Castro. O mecanoscrito é unha versión incompleta da obra. Contamos con outra en fotocopia e con notas autógrafas. Autobiografía que nos permite coñecer os acontecementos do galeguismo na etapa coincidente coa súa vida, que inclúe o golpe de estado de

1936 e a Guerra Civil. Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 7-I-1913 / Vigo, 26-XI-2010) foi unha figura de especial relevancia na Galicia contemporánea e xogou un papel moi importante na recuperación da cultura galega a través de Galaxia, xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Isla. FR-CA-171/004; 30/81.





## LIBROS MANUSCRITOS

— Libro de notas de Gómez Fernández e Francisco de Lerma, notarios de número de Santiago de Compostela. 15-III-1464 / 27-VII-1476. Escrituras do século XV en galego. Trátase dun libro de notas manuscrito en galego do século XV, dos poucos que se conservan en Galicia. Sin.: CA-0002/001.



— Testamento e fundación do morgado do capitán Juan de Gayoso, señor de Guntín e Canedo [executoria de fidalguía]. 1558-1560. Realizado con ilustracións de gran calidade, probablemente foi realizado por mandato dos seus herdeiros. Establece a formación do morgado, institución destinada a perpetuar o patrimonio familiar. Recolle o testamento do capitán Juan de Gayoso, señor da casa e xurisdicións de Guntín e Canedo. Fillo do cabaleiro Diego de Gayoso, estivo ao servizo do emperador Carlos V e do papa

Clemente VII. Retirado da milicia, tomou os hábitos e ocupou diversos cargos, entre eles a nunciatura do Reino de Galicia. CF-2/58.

— Marquesado de Vilagarcía. Venda por Filipe II da xurisdición de Vilagarcía a Rodrigo de Mendoza y Sotomayor, señor dos pazos de Vista Alegre e Barrantes. Sinatura autógrafa do rei. 1591. CF-2/74.


— *Historia del buho gallego con las demas aves de España compuesto por el Excmo. Señor Marques de Sarriá, Conde de Lemos en este año de 1620.* 1700-1799? [Manuscrito].

Pedro Fernández de Castro, Andrade e Portugal (Monforte de Lemos, 1560 - Madrid, 1622) foi o VII conde de Lemos. Nesta obra aparece o moucho galego facendo cortes coas demais aves de España. Con esta sátira política trátase de reivindicar o voto de Galicia nas Cortes de España, que estaba representada por Zamora. O conde de Lemos loitou insistentemente contra esta inxusta situación. Sin.: CF-2/62(1).



*El búho gallego con las demás aves de España haciendo Cortes, preside en ellas el águila real, como imperial señora de todas.* Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos; transcripción, prólogo e notas de Xosé María Álvarez Blázquez. Vigo: Monterrey, 1951. Sin.: 20/236.

— *Conjetura sobre el nombre de un pez cetáceo, que con otros 212 de la misma especie, bararon a primeros de Julio de 1760 en la playa de la villa de Zumaya, en Guipúzcoa.* Martín Sarmiento. 7-VII-1760. Orixinal rubricado polo propio Sarmiento, do que se coñecen catro copias apógrafas: na Colección Medina-Sidonia, tomo XII (no Museo de Pontevedra); na colección Dávila, tomo XII (na Biblioteca Nacional de Madrid), e mais as conservadas na Biblioteca Capitular y Colombina (Sevilla) [“Pez orca” BCCS, 57-1-1] e na Biblioteca Central de la Universidad de Oviedo [“Conjetura sobre 213 peces que bararon en la playa de Zumaya, en Guipúzcoa”, M-390]. CF-C-/6/1.



## CARTOGRAFÍA


— *Mapa Gallaecia Regnum* / descrita a F. Fer. Ojea. [ca. 1: 816000] 9 Milliarum Hispanica communia. [s. l.: s. n.], 1635. Trátase dunha versión corrixida do primeiro mapa de Galicia na súa totalidade, realizado, ao redor de 1603, por Fernando de Ojea, dominico nacido en Ourense e residente en México. Gravado en cobre e corado á man. Representación planimétrica da hidrografía e información de arciprestados e episcopados. Motivos decorativos: dúas rosas dos ventos, cartela nunha cuncha portada por Neptuno, escudo de Galicia, filacteria portada por dous anxos e tres barcos. MP-1/6.



— *Carta geométrica de Galicia*. Dividida en sus Provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra y subdividida en Partidos judiciales ó Alcaldías mayores: presentada en 1834 a S. M. la Reina Gobernadora Doña María Cristina de Borbón por su Secretario de Estado y del Despacho de lo Interior / levantada y construída en la escala del cienmilesimo por el Dr. D. Domingo Fontán; grabada bajo la dirección del autor en 1845 por L. Bouffard. [París]: Impie. de Lemercier, 1845. Dezasete anos tardou Domingo Fontán en levantar este primeiro mapa feito en España con métodos matemáticos. Na Fundación Penzol existe, en exposición permanente na parede dun relanzo da escaleira, unha reprodución que o autor entregou á raíña en 1834. Sin.: MAP-GAL 48/17.

## PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

— *A Monteira. Somanario de Intreses Rexionales e Literatura.* 1889-1890. Lugo: Tip. de G. Castro. Primeiro semanario publicado en Lugo en 1889 integramente en galego. Os fundadores foron Amador Montenegro Saavedra, de pensamento rexionalista, e o seu amigo, o avogado Manuel Pardo Becerra. No editorial do primeiro número faise unha defensa do idioma galego, liña que seguirá sempre a revista. Sin.: RG-70 R.148.



— *Boletín de la Real Academia Gallega* 1. A Coruña. 1906. O *Boletín da Real Academia Galega* (BRAG) é unha publicación anual editada desde 1906. A partir do ano 2000 está redactado enteiramente en lingua galega. Recolle traballos de investigación centrados en distintos aspectos da lingua, a cultura e a literatura galegas, e mais outros contributos arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Sin.: SL-R-4B R.3.

— *Vida Gallega. Ilustración Regional.* 1909. Vigo. Revista gráfica fundada e dirixida por Jaime Solá en Vigo. O primeiro número saíu en xaneiro de 1909, con portada de Castelao, e o último en 1938. Nunha segunda época, publicouse entre 1954 e 1963. Sin.: REV-GAL RG-254.

— *Industrias Pesqueras* 305 e 306. Edición extraordinaria. 15 de xaneiro de 1940. Francisco Fernández del Riego empezou a escribir nesta revista cando veu para Vigo, acollido no despacho de Valentín Paz-Andrade, no ano 1939. Na páxina 45, que mostramos, aparece unha colaboración súa ilustrada cunha caricatura feita polo seu amigo Carlos Maside, debaixo da cal figura o seu nome. Sin.: RG-75.



— *A Nosa Terra. Boletín Decenal. Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e de Portugal.* 1916. A Coruña. Voceiro das Irmandades da Fala (1916-1932) e do Partido Galeguista




(1932-1936). Editouse integramente en galego e foi fundamental para o espallamento do ideal galeguista. Ao primeiro director, Xosé Iglesias Roura, seguiu Antón Villar Ponte. Na súa etapa pontevedresa, Víctor Casas foi quen se encargou da publicación. Sin.: RG-49; RG-71 (1).

— *Nós. Boletín Mensual de Cultura Galega. Órgao da Sociedade Galega de Publicacións Nós*. Ourense, 1920. Pode considerarse a máis ambiciosa empresa cultural da Galicia contemporánea, desde unha perspectiva nacionalista e, ao tempo, aberta ao mundo. Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas formaron a cerna do grupo Nós, con Arturo Noguero como xerente e Xulio Gallego como secretario de redacción, ao seu carón Castelao, logo director artístico. Participaban tamén Antón Losada Diéguez e Ramón Cabanillas. O último número (139-144) saíu do prelo pouco antes da sublevación militar de 1936, e non se chegou a distribuír; tan só dous exemplares sobreviviron á queima da imprenta de Ánxel Casal polos golpistas. Sin.: REV-GAL RG-30; R-106.

— *Galicia. Diario de Vigo*: 1922-1926. Xornal de tendencia galeguista que se publicou en Vigo entre o 25 de xullo de 1922 e o 15 de setembro de 1926. O seu promotor foi Ernesto Cádiz Vargas, cónsul honorario de Chile na Coruña, que ofreceu o posto de xefe de redacción a Valentín Paz-Andrade a través de José García Acuña e Antón Villar Ponte. Entre os seus colaboradores máis asiduos estiveron Castelao, Antón Losada Diéguez, Antón e Ramón Villar Ponte, Vicente Risco, Ramón Cabanillas e Roberto Blanco Torres. Converteuse nun modelo para a prensa galega, con características avanzadas para a súa época. Sin.: Planeiro 1/016.

— *Grial. Revista Galega de Cultura*. 1963. Editada ata a actualidade por Editorial Galaxia. De carácter trimestral, é un dos referentes máis importantes e de maior prestixio do ámbito editorial da cultura galega, con notable presenza en prestixiosas universidades de fóra de Galicia. Sin.: REV-GAL SL-R-3.

— *Galicia Emigrante*. 1954-1959. Buenos Aires. Unha das revistas máis importantes da emigración e do exilio americano. Estaba profusamente ilustrada e con portadas con debuxos de Luís Seoane, o que lle daba un carácter homoxéneo á colección. O propio Seoane era o director, ademais de debuxante, autor dos editoriais, dalgunha sección




e de notas sen sinatura. Aínda que o castelán era maioritario, o galego aparece nos artigos de carácter literario. Sin.: RG-123.

— *Revista de Economía de Galicia*. 1958-1968. Vigo: Galaxia, Publicáronse 66 números desta revista dirixida por Xaime Isla Couto. A partir de 1963 incorpórase como subdirector Xosé Manuel Beiras. Promovida pola Editorial Galaxia, declara, na súa presentación: “A nosa publicación non pretende ser unha revista económica máis, como calquera das que veñen editándose xa en España. Proponse ser, pola contra, a que Galicia precisa, en función dos seus problemas xenuínos e das súas peculiares características sociais e humanas”. Sin.: RG-83.

— *Vieiros. Revista do Padroado da Cultura Galega de México*. 1959-1968. Nada en México no seo do Padroado da Cultura Galega por iniciativa dun grupo de exiliados. Recolleu nas súas páxinas o máis destacado da cultura galega do momento. Edicións A Nosa Terra tirou en 1989 unha edición facsimilar. Publicaron nela colaboradores de distinto signo político, como Ramón Piñeiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Celso Emilio Ferreiro... Dirixírona Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán; Arturo Souto foi o seu director artístico. Sin.: RG-159; SL-R-66.

— *Faro de Vigo*, 5 de decembro de 1977. Xornada pola autonomía do 4 de decembro de 1977. Nese día saíron ás rúas das grandes cidades de Galicia arredor de medio millón de galegas e galegos esixindo a autonomía fronte á demora do Goberno do Estado en iniciar o proceso estatutario. A manifestación de Vigo foi a máis numerosa, e nela participaron unhas duascenas mil persoas. As mobilizacións contaron co apoio da maioría das forzas políticas galegas, con excepción do Bloque Nacional-Popular Galego (BN-PG), que se decantaba pola autodeterminación. A xornada supuxo un importante acontecemento na reafirmación da identidade galega. Sin.: Fondo FDM.



# 60 PEZAS *para* sesenta ANOS

1963-2023  
FUNDACIÓN  
PENZOL

## Enderezo

Casa Galega da Cultura  
Praza da Princesa, 2  
36202 - VIGO  
Teléf.: 986 226459

correo-e: [fundacion.penzol@vigo.org](mailto:fundacion.penzol@vigo.org)  
Horario público: luns a venres: 9:00 a 14:00 horas

## Na rede

[https://hoxe.vigo.org/movemonos/m\\_penzol.php?lang=gal#](https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=gal#)

 @Fundación Fermín Penzol

## PRODUCCIÓN

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Maquetación  
Hayat Husein



ESCANEA PARA DESCARGAR  
O DÍPTICO DA EXPOSICIÓN